

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE VÍCTOR LÓPEZ SEOANE  
CURSO: PRIMEIRO  
MATERIA: INGLÉS  
DATA:12-05-20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias
B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.	PLEB1.1. Comprende a información esencial de contos, rimas ou cancións moi breve e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronunciación ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión	-LINGÜÍSTICA -DIXITAL
B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal básica (nome, idade, ...) e instrucións elementais	PLEB1.2. Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade	

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<u>Procedementos:</u> Datos adquiridos na primeira e segunda avaliación. Análise das producións do alumnado na terceira avaliación: producións escritas, interactivas e orais.
	<u>Instrumentos:</u> Rexistro da primeira e segunda avaliación, rexistro das tarefas realizadas na terceira avaliación e comunicación coas familias vía correo electrónico e Abalar
<b>Cualificación final</b>	Atendendo ao seu carácter continuo e global, a cualificación final será a cualificación da segunda avaliación, á que se lle engadirá un máximo de dous puntos en función do traballo realizado durante o terceiro trimestre.
<b>Alumnado de materia pendente</b>	O alumnado con materias pendentes do curso anterior, de non acadar cualificación positiva nalgún trimestre anterior, aplicaráselle o procedemento anterior.

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	De repaso e reforzo de obxectivos e contidos dos trimestres anteriores. De recuperación, nas que se presentan contidos básicos e mínimos da primeira e segunda avaliación. De ampliación de aprendizaxes anteriores, tomando como referencia obxectivos e competencias clave. Como somos centro plurilingüe, tamén actividades globalizadoras e colaborativas para a dinamización da lingua estranxeira (vídeos colaborativos, English Day Virtual, ...)
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Para o alumnado sen conectividade, seguirase o mesmo procedemento que leva a cabo a titora/ o titor do curso.  Ao alumnado con conectividade, recoméndaselle actividades na páxina web do centro e no blog de inglés.  Propónse unha ampla gama de actividades e recursos didácticos para que todo o alumnado poida participar e desenrolar a súa propia conciencia de logros.

	Farase apoio a todos os nenos e nenas que o requiran, mediante correo electrónico e/ou vídeo chamada.
Materiais e recursos	Libro de texto dixital, vídeos, actividades interactivas, xogos e fichas para imprimir. Páxina web do centro, bitácoras de inglés, Abalar e correo electrónico da Xunta. Cisco Webex para a realización de vídeo chamadas.

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Páxina web do centro, bitácoras de inglés, Abalar e correo corporativo.
<b>Publicidade</b>	Publicación na páxina web do centro.